

**A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E O CINE: O PROXECTO EFG1914**

**PLAY-DOC: CLAIRE SIMON**

**MIKLOS JANCSÓ**

**(S8) 6ª MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO**

**PREMIOS MESTRE MATEO**

**CENTENARIO TECHNICOLOR**

**NADAV LAPID**

**DESENCADRES: JACOBS, DORSKY, HILER, BRAKHAGE**

**CIRCUÍTO**

**FÓRA DE SERIE**

**OFF GALICIA**

**CGAI JÚNIOR**

XUNTA DE GALICIA

**CLAIRE SIMON**

En colaboración co:  

“Cando Claire Simon veu ao Bafici como xurado, en 2007, incluímosla como integrante dunha mesa redonda sobre o documental e a ficción. Mentres avanzaba o encontro, Simon ocupábase de puntualizar que non era “documentalista”, deixando entrever que as súas películas se situaban nese punto de encrucillada entre ambos os dous territorios. E ese xeito de pensar a súa propia obra daba mil veces no albo.

Sempre hai no cinema de Claire Simon un material que, dun modo ou doutro, provén do campo do real. Pode tratarse dun espazo excluínte que define o campo do fóra de campo (o patio de recreos en *Récréations*, a estación vista dende as dúas perspectivas en *Gare du Nord* e *Géographie humaine*), quer sexa dun personaxe destrutor (Mimi Chiola, en *Mimi*), quer sexa de persoas que volven narrar as súas vivencias (*Les bureaux de dieu*). Mais esa materialidade real é só o comezo, o punto que dispara a curiosidade de Simon non é un fin en si mesmo, senón a arxila para modelar unha ollada que procura os cabos dun nobelo que é ficcional, a través de historias de mulleres apaixonadas ou de personaxes cuxa fragilidade é só aparente –sexan crianzas, inmigrantes, desposuídos– porque o seu impulso consiste en sobrevivir. [...]

Malia as aparencias suxeriren que Simon se desprazou do documental ao filme de ficción como se fosen as etapas da súa filmografía, ese camiño foi dinamitando esas fronteiras, como se a súa obra fora o resultado da incomodidade de se parar nun lado ou noutro. O real fornece unha materia que a ficción espalla e libera. [...] Ou ben pode adoptar a lóxica do desdobraemento, contemplando esa relación entre real-ficción case como se fose o tema mesmo das súas películas, como se Simon tivese logrado, non xa ilustrar un problema teórico do cinema contemporáneo, senón converter ese problema teórico no punto de vista que selecciona as súas historias e define o seu xeito de poñelas en escena. [...]

Que a Claire Simon a definición de “documentalista” lle resultase incómoda non deba sorprendere porque a soa idea de “incomodidade” é o resultado de non estar a gusto nun só dos campos. O seu cinema é o que se volve incómodo cando é forzado a se inscribir nun único territorio sendo o seu impulso natural o movemento, palabra crucial que explica a predilección da directora por espazos coma o recreo de tensión multicultural de *Récréations*, a populosa estación de tren nos dous *films jumeaux*, a vertixinosa oficina de *Les bureaux de dieu*. Moverse entre mundos e espazos –físicos ou teóricos– parece o antídoto máis provocador que a arte pode inventar para contrarrestar a catástrofe das clasificacións e os guetos culturais e políticos” (Sergio Wolf).

Agradecementos: Sergio Wolf.

**(S8) 6ª MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO**



En colaboración co:

Con seis edicións xa ás costas, (S8) Mostra de Cinema Periférico desprega en 2015 no CGAI un mostrario que recolle varias das vertentes da súa programación, fiel a aqueles que saben trazar os seus propios camiños. Para comezar, este sexto (S8) celebra a visita dunha das figuras máis importantes do cine de vangarda, en activo dende os anos 60: o neoirquino Ken Jacobs. Pintor de formación (alumno de Hans Hofmann, quen marcou a súa traxectoria como artista), a confluencia con espíritos afíns como Jonas Mekas e Jack Smith conduciríao ao cine e máis aló do cine. O programa, que percorre dende os seus primeiros traballos con Smith ata os seus experimentos co 3D, pasando polas súas incursións no cine íntimo e a súa deconstrución perceptual do cine primitivo, dá conta do espírito inqueda dun creador sempre en garda, combativo estética e politicamente.

Baixando cara a América do Sur, chegamos ao país convidado deste ano no (S8): Brasil. Par tindo da poesía cinematográfica e da asombrosa beleza de *Limite* (1931), de Mário Peixoto (considerada a mellor película brasileira de todos os tempos, admirada por Eisenstein e Welles), este programa trae unha historia da exuberancia do cine brasileiro guiado polo compás da vangarda e visita a obra de cineastas como Glauber Rocha, Nelson Pereira dos Santos (líderes do Cinema Novo) e Rogério Sganzerla, parte do chamado cine marxinal producido en Boca de Lixo, entre outros francotiradores tropicais.

Dende Croacia, pola súa banda, chega o festival convidado deste ano: o 25 FPS de Zagreb trae á Coruña, da man da súa programadora Sanja Grbin, unha escolla que resume a súa idiosincrasia e visión do cine, unha apertura de miras materializada nun mangado de obras e cineastas que marcaron a súa traxectoria. É o caso do gañador da Palma de Ouro en Cannes Apitchatpong Weerasethakul, as vellas e novas xeracións do experimental croata (Ivan Ladislav Galeta e Ana Hušman) e unha coitada e ecléctica representación, marca da casa, da aristocracia do cine mundial máis ousado.

Por último, o radar da sección Sinais da Mostra deixa ver a saúde e a forza do cine feito en Galicia hoxe. Ademais de *Jet Lag*, a longametraxe de Eloy Domínguez Serén, cineasta que fai o que lle peta para rodar unha peculiar quenda de noite nunha gasolinera, *Sinais en curto* traerá a estas pantallas obras de autores en efervescencia, como é o caso de Miguel Mariño e Carla Andrade.

Agradecementos: Ken Jacobs.

**A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E O CINE: O PROXECTO EFG1914**

En colaboración coa Filмотeca Española e Culturarts-IVAC.

O proxecto europeo EFG1914, desenvolvido entre 2012 e 2014, dixitalizou 740 horas de películas da e sobre a Primeira Guerra Mundial, case 3.000 títulos, coa colaboración de 23 filмотecas europeas. CulturArts-IVAC de Valencia e Filмотeca Española fixeron unha escolma de materiais para a súa proxección pública. Esta serie de traballos divídese en cinco sesións. A primeira abrangue o desenvolvemento da guerra. Os efectos do conflito bélico e a vida cotiá comprenden as dúas seguintes. As sesións 4 e 5 son material español, pertencente respectivamente a cada unha das institucións, unha mostra do cine español de ficción e documental do período, unha constatación do que se facía no noso país (fóra do conflito) no tráxico marco europeo.

A Primeira Guerra Mundial foi tamén unha guerra de imaxes, a primeira vez que o cine (aínda un novo medio de expresión), documenta unha guerra a grande escala. As películas amosáronse como o medio ideal para influír en nas masas e non houbo nación combatente que non as utilizase. A prohibición de filmar imposta polas autoridades militares e as restricións da censura, entre outras causas, impuxeron estreitos límites ás produtoras. O control foi facilitado polo perigoso da rodaxe no campo de batalla, onde os operadores, viron limitados os seus movementos polas dimensións das cámaras e dos tripodes. Como resultado, a acción a miúdo era capturada desde un punto de vista fixo na distancia e en ángulos moi amplos a fin de lograr un campo de visión o máis grande posible que puidese cubrir calquera circunstancia sobrevida, cando non era recreada.

Os operadores de cámara foron enviados a filmar en todas as fronteiras, operacións desde os Alpes ata o Cáucaso, en África ou no Oriente Medio. As películas editadas das principais operacións militares eran inmensamente populares. Estas imaxes eran poderosas ferramentas de propaganda e foron empregadas por todos os poderes para reforzar os conceptos de superioridade militar e moral sobre o inimigo. Na selección inclúense noticiarios de ambos bandos (un deles dirixido por Dziga Vertov), recompilacións posteriores, reportaxes sobre batallas importantes, exércitos regresando, os hospitais e a vida cotiá posterior.

**MIKLOS JANCSÓ**

En colaboración con Imagine India.

Figura dos cines do leste de Europa nos anos 60 e 70, o húngaro Miklos Jancsó (1921-2014) asombrou ao mundo con algunhas das longametraxes presentes no pequeno ciclo, catro títulos, que o CGAI lle tributa nesta ocasión. Estudante de Historia da Arte, Etnografía e Dirección Cinematográfica, combatente na Segunda Guerra Mundial, Miklos Jancsó fai a estreia no cine nos anos 50 e axiña se vai afirmar con riscos autorais e temáticos moi característicos: manierismo; secuencias e planos longos e ben elaborados; auténticas coreografías fílmicas; a procura das raíces culturais asociadas ao mundo rural.

Con *Los desesperados* (1965) amosa outra das súas constantes, unha ollada sobre a represión e os mecanismos de poder e atinxe o recoñecemento internacional. Deseguida filma *Rojos y blancos* (1967) e *Silencio y grito* (1968). Estes tres títulos aparecen como un conxunto homoxéneo de aproximacións momentos sociopolíticos relevantes en/para Hungría. Jancsó conforma así a chamada “Triloxía da Historia”. O levantamento húngaro de 1848 contra os Habsburgo; o 50º aniversario da revolución rusa (con problemas de censura) e a Hungría de 1919 derivan en tres pezas antinaturalistas, con carácter representativo, simbolista e construción ritual, distanciada. Completa o ciclo *La confrontación* (1969), o asalto a un centro relixioso e a posterior pugna entre estudantes marxistas e seminaristas. A estilización e o estilo levado ao extremo darían lugar a unha longa carreira no cine, a televisión e mesmo o teatro, case que ata a súa morte, onde o manierismo por momentos alcanzaría graos de reiteración, deixando, non obstante, para a lembranza as súas pegadas de talento en filmes sublimes como *Salmo rojo* (1971) ou *Vicios privados, públicas virtudes* (1974).

**FÓRA DE SERIE / CIRCUÍTO / DESENCADRES / CENTENARIO TECHNICOLOR / NADAV LAPID**

Na sección de estreas “Fóra de serie” comezamos coa última gañadora no Festival de San Sebastián, o atractivo crebacabezas narrativo *Magical girl* (2014) de Carlos Vermut, presentada polo director do Festival, José Luis Rebordinos. A épica infernal do Aleksey German de *Qué difícil es ser un dios* (2013) convive coa triunfadora dos César, *Timbuktu* (2014), dirixida polo mauritano Abderrahmane Sissako, vidas cruzadas coa poesía e a serenidade como antídotos nun filme clarividente. A organización dun festival en Ramallah propón un torrente de suxestións coas que o hispano-palestino Ahmad Nathe filma *Dos metros de esta tierra*. Abel Ferrara retrata a figura do lendario poeta e cineasta en *Pasolini*, unha circunstancia que nos permite reflexionar sobre a distribución e visibilidade dos filmes, coa presentación do libro do docente e historiador galego José Vicente García Santamaría. *La exhibición cinematográfica en España*, acabado de publicar por Catédra. E nunca deixamos a Philippe Garrel,

seguimos completando a súa filmografía, bela e descarnada, logo da retrospectiva do ano 2007, esta vez con *La jalousie*.

En “Circuíto”, *The Second Game* de Corneliu Porumboiu amosa un singular derby futbolístico da liga romanesa, Dinamo-Steaua. *Songs from the North* ofrece a modo de ensaio fílmico unha aproximación ao imaxinario norcoreano, unha fuxida da tópica parodia do país asiático. En *Bloody Daughter*, a filla da pianista Martha Argerich, Stéphanie, expón sen reparos a vida familiar grazas a un impresionante arsenal de gravacións.

Ademais das dúas sesións dedicadas a Ken Jacobs que serven de antesala á presenza do mítico cineasta norteamericano na sexta edición de “(S8). Mostra de Cinema Periférico”, a sección *Desencadres* agrupa outras tres sesións en que se presentan as catro últimas películas realizadas ata o momento por Nathaniel Dorsky: *Summer* (2013), *February* (2014), *Avraham* (2014) e *December* (2014). Na súa última visita ao CGAI, Dorsky presentou unha das súas primeiras películas, *Hours for Jerome*, xunto á última realizada polo protagonista daquela, Jerome Hiler, *Words of Mercury* (2011), que só se puido proxeccionar en Blu-ray. Por fin, Hiler comezou a tirar copias novas en 16 mm das súas películas, que sempre rodou en soportes reversibles. Os primeiros froitos desta iniciativa son, precisamente, *Words of Mercury*, que agora recuperamos no seu soporte orixinal, e *In the Stone House* (2012), unha película que parte de gravacións realizadas na segunda metade dos sesenta e que Hiler nunca chegara a montar: “imaxes da vida que Nathaniel Dorsky e eu viviamos a finais dos sesenta mentres procurabamos refuxio lonxe de Manhattan”, en palabras do propio Hiler. A “stone house” do título fai referencia á casa rural ao norte de New Jersey en que se refuxiaron e na que recibían periódicas visitas dos seus amigos de Manhattan. O último *Desencadres* deste programa está dedicado, como xa é habitual, a Stan Brakhage. *Tortured Dust* (1984) é unha longametraxe en catro partes “de tensións sexuais arredor da vida na casa cos dous fillos adolescentes” (P. Adams Sitney) que sería como o último capítulo do conxunto de series autobiográficas que conforman *The Book of Life* que se veñen proxectando no CGAI nos últimos meses: *The Weird-Falcon Saga*, *Scenes From Under Childhood*, *Sincerity* e *Duplicity*.

En colaboración con IB Cinema, o CGAI presenta dúas sesións que conmemoran o *Centenario do Technicolor*, o proceso de cor desenvolvido a partir de 1915 por Technicolor Motion Picture Corporation e que foi converténdose cos anos nun dos selos de calidade fotográfica máis indiscutibles. “Color by Technicolor” foi un slogan de indubidable atractivo que singularizou, por exemplo, algúns dos maiores éxitos de Hollywood como *Lo que el viento se llevó* (1939). Nestas dúas sesións exhibiremos a primeira longametraxe en Technicolor, *Toll of the Sea* (Chester M. Franklin, 1922, entón aínda un primitivo Technicolor de dúas matrices), unha curtametraxe (*La Cucaracha*, 1934, primeira película de imaxe real en completo Technicolor de tres matrices), un set de tráilers (*María Montez, la reina del Technicolor*) e *Navidades blancas* (Michael Curtiz, 1954), primeira longa en Vista Vision, xa en pleno esplendor do Technicolor. A proxección de *Toll of the Sea* contará con acompañamento ao piano de Irma Fernández Alonso.

Por último, proxectamos as dúas longas israelís dirixidas polo brillante director Nadav Lapid, *Policía en Israel*, lección de ironía e violencia premiada en BAFICI e Locarno, e *La profesora de parvulario*, o manexo brutal do suspense de Lapid mesturado coas súas doses políticas para a historia dunha mestra que protexe un poeta.

Agradecementos: José Luis Rebordinos, Centro Niemeyer, MUSAC, Tabakalera, Irma Fernández Alonso, Ignacio Benediti, Ahmad Nathe, José Vicente García Santamaría, Nathaniel Dorsky, Jerome Hiler, Canyon Cinema, Light Cone.


**Programación Ourense**

Froito dun convenio asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais a Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo, a programación do CGAI esténdese un ano máis a Ourense. As proxeccións teñen lugar os luns na Biblioteca Pública Nodal (Concello, 11) ás 20.30 e ás 23.00 horas. Máis info: <http://cineclubepf.blogspot.com/es/>

- 4 de maio: *Mr. Turner* (2014) de Mike Leigh. 149'. Subt. castelán. (2º pase 23:15 horas)
- 11 de maio: *Costa da Morte* (2013) de Lois Patiño. 84'.
- 18 de maio: *Coûte que coûte* (1994) de Claire Simon. 100'. Subt. castelán.
- 25 de maio: *Mimi* (2002) de Claire Simon. 100'. Subt. castelán.
- 1 de xuño: *Gare du Nord* (2013) de Claire Simon. 119'. Subt. castelán.
- 8 de xuño: *Policía en Israel* (2011) de Nadav Lapid. 105'. Subt. castelán.
- 15 de xuño: *Profesora de parvulario* (2014) de Nadav Lapid. 119'. Subt. castelán.



MARTES



maio  
**05** 20.30 horas  
*Fóra de serie*  
**Magical Girl**  
Carlos Vermut, 2014. 127'.  
DCP. Presentación José Luis  
Rebordinos. Entrada de balde.

MÉRCORES



maio  
**06** 18.00 e 20.30 h.  
*Circuito*  
**The Second Game**  
Corneliu Porumboiu, 2014.  
97'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

XOVES



maio  
**07** 20.00 horas (¡!)  
*Fóra de serie*  
**Qué difícil es ser un dios**  
Aleksy German, 2013.  
177'. DCP.  
Subt. castelán.

VENRES



maio  
**08** 18.00 e 20.30 h  
*Fóra de serie*  
**Timbuktu**  
Abderrahmane Sissako,  
2014.  
100'. DCP.  
Subt. castelán.

SÁBADO

maio  
**02** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**The Ghosts in Our Machine**  
Liz Marshall, 2013.  
92'. Vídeo HD.  
Presentación. Entrada de balde.

maio  
**12** 20.30 horas  
*1ª Guerra Mundial*  
Sesión 1:  
O desenvolvemento da guerra  
VV.AA., 1914-1924. 95'. DCP.

maio  
**13** 18.00 horas  
*1ª Guerra Mundial*  
Sesión 4:  
Cine español (Filmoteca  
Espanola)  
VV.AA., 1911-1920. 79'. DCP.  
20.30 horas  
*1ª Guerra Mundial*  
Sesión 2: Os efectos da guerra  
VV.AA., 1917-1922. 82'. DCP.

maio  
**14** 18.00 horas  
*1ª Guerra Mundial*  
Sesión 5:  
Cine español (CulturArts-IVAC)  
VV.AA., 1915-1918. 85'. DCP.  
20.30 horas  
*1ª Guerra Mundial*  
Sesión 3: A vida cotiá  
VV.AA., 1914-1918. 92'. DCP.

maio  
**15** 18.00 horas  
*Mestre Mateo*  
**Angrois no esquecemento**  
Emilio Caral e Susana R.  
Recouso, 2014. 70'. Vídeo  
HD. Entrada de balde.  
20.30 horas  
*Mestre Mateo*  
**Os fenómenos**  
Alfonso Zarauza, 2014.  
99'. DCP.  
Entrada de balde.

maio  
**16** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Contextualizando a Filgueira Valverde**  
Gonzalo E. Veloso, 2015. 55'.  
Vídeo HD. Presentación.  
Entrada de balde.

maio  
**19** 18.00 e 20.30 h.  
*Claire Simon*  
**Les patients** (1989)  
**Récréations** (1992)  
129'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

maio  
**20** 18.00 e 20.30 h.  
*Claire Simon*  
**Coûte que coûte**  
(1994)  
100'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

maio  
**21** 18.00 e 20.30 h.  
*Claire Simon*  
**Mimi** (2002)  
100'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

maio  
**22** 18.00 e 20.30 h.  
*Claire Simon*  
**Ça brûle** (2005)  
111'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

maio  
**23** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**A viaxe dos Chévere**  
Alfonso Zarauza, 2014.  
55'. DCP.  
Presentación. Entrada de  
balde.

maio  
**26** 18.00 e 20.30 h.  
*Claire Simon*  
**Géographie humaine**  
(2013)  
105'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

maio  
**27** 18.00 e 20.30 h.  
*Claire Simon*  
**Gare du Nord** (2013)  
119'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

maio  
**28** 20.30 horas  
*Centenario*  
*Technicolor*  
**Toll of the Sea**  
Chester M. Franklin, 1922.  
(+ curtas)  
100'. 16mm.  
Subt. galego. Acompaña-  
mento ao piano.

maio  
**29** 20.30 horas  
*Centenario*  
*Technicolor*  
**Navidades blancas**  
Michael Curtiz, 1954. 120'.  
35mm.  
Subt. castelán

maio  
**30** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Curtas para Rosalía**  
(gañadoras das cinco  
edicións)  
VV.AA., 2011-2015.  
55'. Vídeo.  
Presentación. Entrada de balde.

xuño  
**02** 18.00 horas  
*Fóra de serie*  
**FutureShorts: primavera**  
VV.AA., 2013/2014.  
88'. Vídeo. Subt. castelán.  
20.30 horas  
*Desencadres*  
**Programa Ken Jacobs sesión 1**  
1955/2014.  
93'. 16mm/vídeo. Subt.  
galego.  
En colaboración con (S8).

xuño  
**03** 18.00 horas  
(S8)  
**Sinais en Curto**  
VV.AA., 2014/2015.  
62'. Vídeo HD. Presentación.  
Entrada de balde.  
20.30 horas  
*Desencadres*  
**Programa Ken Jacobs sesión 2**  
1969/2014.  
85'. Vídeo.  
En colaboración con (S8).

xuño  
**04** 18.00 horas  
(S8)  
**Arquivos Históricos: Brasil**  
VV.AA., 1927/1966. 61'.  
35mm/16mm/vídeo.  
Presentación. Entrada de  
balde.  
20.30 horas  
(S8)  
**Programa Ken Jacobs sesión 3**  
1964/2006.  
85'. 16 mm/vídeo. Presenta-  
ción. Entrada de balde.

xuño  
**05** 18.00 horas  
(S8)  
**Limite**  
Mário Peixoto, 1931. 120'.  
Vídeo HD.  
Presentación. Entrada de  
balde.  
20.30 hora  
(S8)  
**Jet Lag**  
Eloy Domínguez, 2014. 55'.  
Vídeo HD.  
Presentación. Entrada de  
balde.

xuño  
**06** 18.00 horas  
(S8)  
**Festival convidado: 25 FPS** (Zagreb, Croacia)  
VV.AA.  
78'. 35mm/16mm/vídeo.  
Presentación. Entrada de  
balde.

xuño  
**09** 18.00 e 20.30 h.  
*Miklos Jancsó*  
**Los desesperados**  
(1966)  
95'. 35mm.  
Subt. galego.

xuño  
**10** 18.00 e 20.30 h.  
*Circuito*  
**Songs from the North**  
Soon-Mi Yoo, 2014.  
72'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.

xuño  
**11** 18.00 horas  
*Circuito*  
**Bloody Daughter**  
Stéphanie Argerich, 2014.  
100'. Vídeo HD.  
Subt. castelán.  
20.30 horas  
*Fóra de serie*  
**Dos metros de esta tierra**  
Ahmad Natche, 2012.  
80'. Vídeo HD.  
Subt. castelán. Presenta-  
ción. Entrada de balde.

xuño  
**12** 18.00 e 20.30 h.  
*Fóra de serie*  
**Pasolini**  
Abel Ferrara, 2014.  
86'. DCP.  
Subt. castelán. 2º pase  
presentación libro de José  
Vicente García Santamaría  
*La exhibición cinematográfi-  
ca en España.*

xuño  
**13** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Bella y Genaro**  
(Branimaku Marpi, 2015)  
**Dor** (Lino Braxe, 2015)  
28' Vídeo HD. Presentación.  
Entrada de balde.

xuño  
**16** 18.00 e 20.30 h.  
*Miklos Jancsó*  
**Los rojos y los blancos**  
(1967)  
90'. 35mm.  
Subt. galego.

xuño  
**17** 18.00 e 20.30 h.  
*Fóra de serie*  
**La jalousie**  
Philippe Garrel, 2013.  
90'. 35mm.  
Subt. castelán.  
En colaboración con Institut  
Français.

xuño  
**18** 20.30 horas  
*Desencadres:*  
*Nathaniel Dorsky*  
**Summer** (2013)  
**February** (2014)  
**Avraham** (2014)  
**December** (2014)  
75'. 16mm.

xuño  
**19** 18.00 horas  
*Desencadres:*  
*Jerome Hiler*  
**In the Stone House** (2012)  
**Words of Mercury** (2011)  
60'. 16mm.  
20.30 horas  
*Desencadres: Stan Brakhage*  
**Tortured Dust** (1984)  
94'. 16mm.

xuño  
**20** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Vídeo cartas Galiza-Berlín**  
VV.AA., 2014.  
55'. Vídeo HD. Presentación.  
Entrada de balde.



xuño  
**25** 18.00 e 20.30 h.  
*Nadav Lapid*  
**Policia en Israel**  
(2011)  
105'. DCP.  
Subt. castelán.

xuño  
**26** 18.00 e 20.30 h.  
*Nadav Lapid*  
**La profesora de parvulario**  
(2014)  
119'. DCP.  
Subt. castelán.

xuño  
**27** 18.00 horas  
*Off Galicia*  
**Curtametraxes certame EO1**  
VV.AA., 2015.  
65'. Vídeo. Presentación.  
Entrada de balde.

xuño  
**30** 18.00 e 20.30 h.  
*Miklos Jancsó*  
**La confrontación**  
(1969)  
82'. 35mm.  
Subt. galego.



**CGAI**  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE  
FILMOTECA DE GALICIA

**Información xeral**  
Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación (!) sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

**Prezo da entrada**  
• Xeral: 1'20 €  
• Carné Xove: 0'60 €  
• Abono para 10 sesións: 9 €  
• As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciarase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

**Sala de proxeccións**  
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270  
Fax: 881 881 271  
E-mail:  
programacion.cgai@xunta.es

**Subtitulado en galego**  
Subtitula'm S.L.

**Información adicional**  
www.cgai.org

Programación | 232 |  
**maio xuño** | 2015 |

AGADIC 

Agencia Galega das Industrias Culturais

 XUNTA DE GALICIA

 galicia

 COMARCA DE ARZOBISPO